



Previsión de actividades do Parlamento de Galicia para este xoves, 20 de novembro de 2014

Pazo de Raxoi

12,00 h.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera asiste ao acto de sinatura do protocolo de intencións entre o Goberno central e a Xunta de Galicia para a restauración do conxunto catedralicio de Santiago de Compostela. No Pazo de Raxoi.

Parlamento de Galicia

12,00 h.- O vicepresidente primeiro do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices, preside o Pleno Infantil conmemorativo do 25 aniversario da Convención dos Dereitos do Neno.

O acto enmárcase na Semana Europea da Democracia Local do Consello de Europa, baixo o lema “Democracia participativa: compartir, propoñer e decidir”, e está organizado por UNICEF e polo Parlamento de Galicia. Contará coa intervención de alumnado de 1º de ESO de catro centros educativos de Santiago de Compostela (IES Xelmírez I, Colexio La Salle, CPR Manuel Peleteiro e CPR Santa Apolonia), a presidenta de UNICEF Comité Galicia, e o vicepresidente do Parlamento de Galicia.

Foto de familia ao inicio do acto.

No Salón de Plenos do Parlamento de Galicia.



Arteixo

14,15 h.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, asiste á entrega do Premio Fernández Latorre.

No Museo Santiago Rey Fernández-Latorre (Avda. da Prensa, 84, Polígono de Sabón, Arteixo).

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.